



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 93 03 50  
les.telleiras@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



*IES As Telleiras*

# IES AS TELLEIRAS

# PLAN TIC

## CURSO 2019 – 2020

Revisión: 15 de setembro de 2019



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 93 03 50  
les.telleiras@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

## Índice

1 – Introducción.....	3
<u>Xustificación das TIC na educación.....</u>	<u>3</u>
<u>Marco legislativo.....</u>	<u>3</u>
2.- Funcións do grupo de dinamización.....	5
3.- Contexto .....	6
<u>Xeográfico e social.....</u>	<u>6</u>
4.- Análise da situación actual e das accións levadas a cabo.....	7
<u>Formación do profesorado.....</u>	<u>7</u>
<u>Habilitación de espazos no centro.....</u>	<u>8</u>
<u>Dotación de EDI nas aulas de 3º ESO. Implementación de Google Apps for education.....</u>	<u>9</u>
5.- Obxectivos xerais do plan.....	10
6.- Medidas concretas de actuación.....	11
7.- Organización dos espazos do centro.....	12
8.– Uso da biblioteca escolar.....	13
9.– Plan de avaliación anual .....	13
10.– Medidas para difundir o proxecto.....	14



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 93 03 50  
les.telleiras@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

## 1 – Introducción

### Xustificación das TIC na educación

As Tecnoloxías da Información e Comunicación son unha ferramenta de aprendizaxe, investigación e comunicación integrada no traballo das diferentes áreas curriculares ao longo das diferentes etapas educativas coas que contamos. O computador é unha ferramenta habitual de traballo na sociedade actual que nos rodea é por iso polo que cremos necesario estimular ao alumnado, aos equipos docentes e tamén aos pais a coñecer estas novas tecnoloxías para seguir abrindo camiños á creatividade e á investigación, incorporando ao proceso de ensino–aprendizaxe as posibilidades que nos ofrecen.

É por isto que o centro non pode permanecer á marxe do desenvolvemento que as TIC están a ter na sociedade xa que posibilitan novos xeitos de comunicación e están a traer novas actitudes na xuventude o que implica a súa incorporación como un recurso máis ao proceso de ensino–aprendizaxe e asemade un gran reto para os docentes, pois abre novas posibilidades didácticas que hai que explorar; como é a utilización do traballo por proxectos como referente fundamental no proceso de ensinanza–aprendizaxe xa que é nestes proxectos de investigación onde as TIC cobran o seu máximo significado.

Na metodoloxía por proxectos os coñecementos non se ordenan de forma ríxida ou disciplinar senón en torno a diferentes contidos, problemas ou hipóteses nos que os contidos e enfoques se relacionan de xeito global facilitando no alumnado a construción de coñecementos.

### Marco lexislativo

**A LEY ORGÁNICA 2/2006, de 3 de maio, de Educación.** (BOE do 4 de maio de 2006) no seu **Artigo 23.e** e o **Decreto 133/2007**, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 13 de xullo de 2007) no seu **Artigo 4.e** din que:

*“A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.”*

Asemade no Anexo VI do Decreto 133/2007 do 5 de Xullo prevése a elaboración dun plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación a esta nova realidade para un mellor aproveitamento das posibilidades que estas tecnoloxías ofrecen, previndo a integración da información e a comunicación a nivel de centro e de aula.

A referencia orientadora deberá ser que ao rematar a escolarización, os alumnos acaden unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar,



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 93 03 50  
les.telleiras@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

obter, procesar e comunicar información.

No Anexo I do decreto 133/2007 do 5 de Xullo recóllese a descrición, finalidade e aspectos distintivos desta competencia eponse de manifesto o nivel considerado básico que debe alcanzar todo o alumnado ao finalizar a educación secundaria obrigatoria. Indicando que a competencia no Tratamento da información e competencia dixital:

**Consiste en** dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento.

**Incorpora** diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

**Está asociada coa** procura, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á cal se acuda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia).

**Require** o dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora) e das súas pautas de descodificación e de transferencia, así como aplicar en distintas situacións e contextos o coñecemento dos diferentes tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización, así como as linguaxes e soportes máis frecuentes en que esta adoita expresarse.

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilizalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e de coñecemento. Utilizaranse na súa función xeradora ao empregalas, por exemplo, como ferramenta no uso de modelos de procesos matemáticos, físicos, sociais, económicos ou artísticos. Así mesmo, esta competencia permite procesar e xestionar adecuadamente información abundante e complexa, resolver problemas reais, tomar decisións, traballar en contornos colaborativos ampliando os contornos de comunicación para participar en comunidades de aprendizaxe formais e informais, e xerar producións responsables e creativas.

A competencia dixital inclúe utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación extraendo o seu máximo rendemento a partir da comprensión da natureza e modo de operar dos sistemas tecnolóxicos, e do efecto que eses cambios teñen no mundo persoal e sociolaboral. Así mesmo, supón manexar estratexias para identificar e resolver os problemas habituais de software e de hardware que vaian xurdindo. Igualmente, permite aproveitar a información que proporcionan e analizala de forma crítica mediante o traballo persoal autónomo e o traballo colaborativo, tanto na súa vertente sincrónica como diacrónica, coñecendo e relacionándose con contornos físicos e sociais cada vez máis amplos. Ademais de utilizalas como ferramenta para organizar a información, procesala e orientala para conseguir obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e lecer previamente establecidos.

A competencia dixital comporta facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 93 03 50  
les.telleiras@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

para resolver problemas reais de modo eficiente. Ao mesmo tempo, posibilita avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

En síntese, o tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando for necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

## 2.- Funcións do grupo de dinamización.

As funcións da dinamización TIC están determinadas pola Orde do 17 de xullo do 2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (publicada no D.O.G. Nº 143 do Martes 24 de xullo de 2007).

A continuación reproducécese o marco legal das funcións da dinamización TIC.

En colaboración co profesorado de apoio, serán as seguintes:

1. Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
2. Mantemento cotiá dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
3. Dar soporte, no uso didáctico, do equipamento informático do centro, ao resto do claustro, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
4. Elaborará, por requirimento do equipo directivo e das liñas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o proxecto TIC e a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.
5. Asesorar, de ser o caso, no mantemento do sitio web do centro.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 93 03 50  
les.telleiras@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

### 3.- Contexto

#### Xeográfico e social

O IES As Telleiras é un centro público de ensino dependente da Xunta de Galicia situado no concello de Narón.

Narón é un municipio situado ao noroeste da provincia da Coruña (Galicia). Pertence á comarca de Ferrol.

Narón sitúase nos nove municipios máis poboados de Galicia (segundo o INE, a súa poboación en 2008 era de 37.008 habitantes) sendo a cuarta cidade na provincia da Coruña despois das tres cidades quizais máis coñecidas (A Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol).

É un municipio mixto, con sete parroquias eminentemente rurais nas que viven menos da cuarta parte da poboación e cun núcleo urbano de máis de 29.000 habitantes formado polos barrios de A Gándara, A Solaina, O Alto do Castiñeiro, Piñeiros, O Couto, Freixeiro e Xuvia, destacando pola súa poboación as catro primeiras.

Trátase dun municipio semiurbano de dimensión media, cunha elevada densidade, dinámico (presenta unha concentración de actividade moi superior ao da poboación), cun importante nivel de actividade no sector industrial aínda que fortemente terciarizado e que presenta unha gran capacidade de atracción migratoria.

O Centro atópase na estrada de Cedeira, afastado do núcleo de poboación e sen transporte público o que dificulta o acceso da comunidade educativa ás súas instalacións fóra do horario lectivo. Isto reforza a importancia da utilización das TIC como complemento á actividade docente mediante a implementación de novos recursos e proxectos.

O claustro está constituído por 58 profesores/as e conta cunha matrícula de 557 alumnos/as.

O Centro pertence ao Proxecto Abalar e foi seleccionado como centro piloto de aulas dixitais. No curso actual somos un dos centros onde se está a desenvolver o Programa E-dixgal.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 93 03 50  
les.telleiras@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

## 4.- Análise da situación actual e das accións levadas a cabo

### Formación do profesorado

Durante os últimos 10 anos impartíronse neste centro os seguintes cursos de formación do profesorado relacionados coas TIC :

Curso 2000 – 2001. Introducción ao manexo de ordenadores (30 horas de formación )

Curso 2001 – 2002. Introducción ao manexo de ordenadores (30 horas de formación)

Curso 2002 – 2003. Introducción ao manexo de ordenadores Nivel 1 (30 horas de formación)

Curso 2002 – 2003. Introducción ao manexo de ordenadores Nivel 2 (30 horas de formación)

Curso 2003 – 2004. Introducción ao manexo de ordenadores Nivel 2 (30 horas de formación)

Curso 2003 – 2004. Aventuras na Web: as webquest como modelo de traballo colaborativo en Internet. (50 horas de formación)

Curso 2007-2008. Plan de dinamización na transmisión do centro. (50 horas de formación)

Curso 2008 – 2009. Creación e desenvolvemento de espazos didácticos. (50 horas de formación)

Curso 2009 – 2010. Proxecto de innovación educativa para o uso das tecnoloxías da información e a comunicación. (20 horas de formación)

Curso 2010 – 2011. Formación Abalar. (50 horas de formación)

Curso 2011 – 2012. Participación no Proxecto piloto sobre Libros Dixitais. PFAC sobre a implementación dos libros dixitais na aula.

Curso 2012 – 2013. Participación nun proxecto de formación en centros con formación sobre: webs dinámicas, Moodle, dixitalización do libro do profesor e elaboración de actividades de CCNN para a aula virtual.

Curso 2013–2014. Participación nun proxecto de formación en centros con formación sobre: webs dinámicas, Moodle, dixitalización do libro do profesor e elaboración de actividades de CCNN para a aula virtual.

Curso 2014-2015. Participación nun proxecto de formación en centros con formación sobre: aula virtual dixitalización do libro do titor e elaboración de actividades de CCNN para a aula virtual.

Curso 2015-2016. Participación nun proxecto de formación en centros con formación sobre: Utilización e compartición de arquivos “na nube” empregando Google Apps, a dixitalización do libro do titor e elaboración de actividades para a aula virtual.

Curso 2016-17, 2017-18. Participación nun novo proxecto de formación en centros que inclúe accións formativas sobre a aula virtual e o caderno dixital do profesor e do titor.

Curso 2018-19. Solicitud dun novo proxecto de formación en centros coas mesmas liñas que



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 93 03 50  
les.telleiras@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

o plan anterior, pero engadindo unha nova acción formativa sobre Edixgal, programa que se está levando a cabo nos grupos de 1º de Eso.

Curso 2019-20. Solicitud dun novo proxecto de formación en centros coas mesmas liñas que o plan anterior, pero engadindo unha nova acción formativa sobre Edixgal, programa que se está levando a cabo nos grupos de 1º e 2º de Eso.

### **Habilitación de espazos no centro**

**No curso 2000 – 2001** contabamos cunha única aula de informática dotada con 18 postos, 2 aulas de audiovisuais con reprodutores de video e DVD.

**Dende ese curso ata o curso 2008 - 2009** e paralelamente á formación recibida ampliamos a dotación con:

- 1 nova aula de informática completa, con 18 postos.
- 2 aulas de audiovisuais ambas dotadas de ordenador, canón e pantalla de proxección e unha delas con 6 postos individuais de consulta a Internet.
- 3 aulas dotadas con ordenador, canón e pizarra dixital.
- 3 postos de consulta na Biblioteca do centro.

**Durante o curso 2009 – 2010** ampliamos:

- Ata 20 postos as aulas de informática.
- Todas as aulas agás as de segundo da ESO dotadas con ordenador, canón de proxección e pantalla.

**Durante o curso 2010 – 2011:**

A incorporación ó Proxecto Abalar dotou as tres aulas de 1º da ESO de:

- Pizarra dixital completa (Ordenador do Profesor, canón e pizarra dixital)
- Un ultraportátil por alumno.
- Conexión WiFi
- Armario de carga e multimedia.





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 93 03 50  
les.telleiras@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

### **Durante o curso 2011 – 2012:**

Na segunda fase do Proxecto Abalar, dotáronse as tres aulas de 2º da ESO de:

- Pizarra dixital completa (Ordenador do Profesor, canón e pizarra dixital)
- Un ultraportatil por alumno.
- Conexión WiFi
- Armario de carga e multimedia.

### **Durante o curso 2012–2013:**

Todas as aulas do centro posúen ordenador, canón e pantalla ou EDI.

Nova aula de informática con 15 postos.

A demanda da utilización destes espazos (levamos rexistro de petición e uso) foi aumentando ata chegar case ao 90 % das horas lectivas durante o presente curso.

Dispoñemos de conexión a Internet por cable en todas as aulas e Departamentos.

Dispoñemos de cobertura *wifi* en toda a área do Centro.

Posuímos páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/>

Dispoñemos de espazo Moodle:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/aulavirtual2/>

Dotación de EDI nas aulas de 3º ESO. Implementación de Google Apps for education.

### **Durante o curso 2014–2015:**

Actualización do hardware das aulas de informática con 10 novos equipos.

Implementación en probas de Google Classroom.

Implementación de Google Apps para a petición de información de tutoría ao profesorado.

### **Durante o curso 2015–2016:**

Habilitación de catro ou seis ordenadores nas aulas de Diversificación ou no desdobre 6 co obxectivo de descargar as aulas de informática que están saturadas.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 93 03 50  
les.telleiras@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

Habilitación de ordenadores para as salas de atención ás familias.

#### **Durante o curso 2016–2017**

Ampliación da dotación de ordenadores na Aula de audiovisuais.

Substitución do equipamento informático obsoleto ou deteriorado da aula de Informática BAC

Mellora da conectividade en todos os espazos mediante a instalación da fibra óptica.

#### **Durante o curso 2017–2018**

Mellora no equipamento informático da biblioteca, desdobre e aula de PMAR.

#### **Durante o curso 2018-19**

Substitución dos equipos informáticos obsoletos na aula de informática 1

Creación dunha aula dual

### **5.- Obxectivos xerais do plan**

- Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.
- Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidade especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo, fomentando o respecto á propiedade intelectual mediante a utilización de sistemas operativos e programas informáticos de código libre.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 93 03 50  
les.telleiras@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a Internet.
- Lograr a integración das tecnoloxías da información e a comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación derivadas das desigualdades sociais.

## 6.- Medidas concretas de actuación.


Durante este curso 2019-20 o plan TIC centrarase en:

- Participación no Proxecto de Formación en Centros que no apartado das TIC comprende:
  - Ampliación da formación na plataforma Moodle e implementación de novos cursos.
  - Difusión e adaptación do libro dixital do titor e do libro dixital do profesorado.
  - Curso de formación sobre a plataforma Eva (Edixgal) para o profesorado que imparte 1º e 2º de ESO, niveis nos que se está a desenvolver este programa.
- Mellora da equipación informática do centro (substitución de material obsoleto).
- Aproveitamento dos ordenadores Abalar nos grupos de 3º de ESO, aproveitando os

ordenadores das aulas de 2º de ESO onde xa non se necesitan.

- Implantación do programa Edixgal, que supón que cada alumno/a reciba un ordenador para o seu uso académico; nalgunhas materias de 1º e 2º de ESO estase a traballar coa plataforma Eva, onde están aloxados os libros dixitais de distintas editoriais e o material creado polos departamentos.
- Creación de aulas de informática duais (impartición de clases e aulas de informática) dotándoas dos postos necesarios.

## 7.- Organización dos espazos do centro.



- 1 aula de informática completa, con 21 postos situada no edificio A.
- 1 aula de informática completa, con 20 postos situada no edificio B.
- 1 aula de informática con 15 postos situada no edificio B.
- 1 aula de audiovisual dotada de ordenador, canón e pantalla de proxección. Edificio A
- 3 aulas Abalar, 8 aulas Edixgal e 4 aulas TIC no Edificio A.
- 16 aulas TIC no edificio B
- 6 postos de consulta na Biblioteca do centro a disposición do alumnado.
- 16 ordenadores pertencentes aos Departamentos didácticos.
- Existen 6 ordenadores en despachos e administración.
- 1 Ordenador na sala de Xuntas
- 6 Ordenadores nas salas de Profesores



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 93 03 50  
les.telleiras@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

1 Ordenador en cada sala de titoría

Salón de actos con pantalla TV de gran formato

Conexión a internet por cable en todas as aulas e Departamentos.

Cobertura *wifi* en toda a área do Centro.

Canón de proxección no vestíbulo do Centro e na Biblioteca.

Os espazos de uso común deben ser reservados con antelación rexistrándose nun libro que para tal fin se atopa na Sala de Profesores. Este libro permite tamén coñecer a ocupación e, xa que logo, a demanda para a habilitación nun futuro de novos espazos.

## 8.– Uso da biblioteca escolar

Na Biblioteca existen 6 postos con conexión a Internet nos que se empregarán as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado cun enfoque funcional, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

### Plan de formación do profesorado no uso das TIC

(ver punto 6)

## 9.– Plan de avaliación anual

### Proxecto Abalar:

- I. Número de profesores que incorporen a súa práctica docente os recursos Abalar e/ou TIC.
- II. Frecuencia de uso de ditos recursos.
- III. Selección e/ou elaboración de recursos.
- IV. Grao de utilización do servidor de contidos.
- V. “Subida” de contidos ó servidor de contidos.
- VI. Elaboración de normas de uso das aulas abalar.
- VII. Elaboración e difusión dun catálogo de boas prácticas no uso das aulas Abalar



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 93 03 50  
les.telleiras@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



**IES As Telleiras**

### **Aulas dixitais:**

- I. Funcionamento dos recursos dixitais empregados.
- II. Utilidade dos recursos facilitados polos libros dixitais.
- III. Procedemento para a introdución de licenzas.
- IV. Viabilidade do proxecto para todas as materias.
- V. Problemas técnicos que poidan xurdir e como solucionarlos.

### **Proxecto Edixgal:**

Número de profesores que incorporen a súa práctica docente a plataforma EVA.

Grao de satisfacción dos distintos sectores implicados (alumnado, familias e profesorado).

### **Proxectos de Formación en Centros.**

Uso do libro dixital do profesorado e do titor.

Porcentaxe de profesorado incorporado á aula virtual.

Número de cursos creados na aula virtual.

Alumnado matriculado nos cursos da aula virtual.

Participación do profesorado no curso sobre Edixgal.

Avaliación do profesorado sobre o curso ofrecido en relación a Edixgal.

## **10.– Medidas para difundir o proxecto**

Utilizaremos a nosa páxina web como o medio principal para a difusión do proxecto entre a comunidade educativa.